PRIMARIA

2017



# PETISCOS DE AGARIMO

# CEIP de San Benito de Lérez





# EEI de Verducido





Queridas amigas e amigos,

Que ledicia volver ver unha nova edición dos Trotacontos, estas historias que este ano chegan ateigadas de petiscos de agarimo. E é grazas ao agarimo, mais tamén ao esforzo e ao traballo colaborativo das profes, que nace este libro; seguramente o primeiro no que as nenas e os nenos dos coles de Pontevedra participan na súa vida.

É un orgullo contar no ensino deste concello con iniciativas coma esta, que mostran a alta calidade da educación pública e a implicación e o bo facer das mestras e dos mestres. Entre todas e todos construímos unha educación pública de referencia, mais a situación actual fainos ver que debemos continuar a defender que todas as nenas e todos os nenos poidan medrar en igualdade, sexa cal sexa a súa condición familiar.

Desde o Concello apoiamos con gusto a publicación dos traballos que levan elaborando de maneira coordinada profes, nenas e nenos do CEIP de Parada – Campañó, CEP de Campolongo, EEI Concepción Crespo Rivas, CEIP Plurilingüe San Benito de Lérez, EEI de Verducido, EEI Fina Casalderrey e CEIP Santo André de Xeve, porque son o resultado do esforzo do traballo en equipo, da imaxinación e da implicación da comunidade educativa; mais tamén a apoiamos porque é a mostra evidente do intenso labor que se fai no ensino para que as nenas e os nenos de Pontevedra exerzan a imaxinación, o traballo, a creatividade e a expresión escrita na nosa lingua.

Estamos seguros de que este libro servirá para compartirdes en familia a ledicia de ler, o orgullo de facelo en galego e a satisfacción por unha obra colectiva tan especial.

Grazas a todas e todos.

Pontevedra, maio de 2017
Miguel Anxo Fernández Lores
Alcalde de Pontevedra

Concello de Pontevedra

A Lingua Latexa


FAMILIA
A AMIZADE
A FAMILIA É O MAIS IMPORTANTE
A FAMILIA MAIS AGARIMOSA
PAPÁ
TÍO
AVÓ
AVOA
MAMÁ
CURMÁN
IRMÁNS
APERTAS
AMOR E
GRAZAS
CEIP PLURILINGÜE SAN BENITO DE LÉREZ


PETISCO CARIÑOSO
abrazo de oso
PETISCO GOLOSO
belisco amistoso
PETISCO GRACIOSO
bico bolboretoso
PETISCO FERMOSO
choro dichoso
PETISCO AGARIMOSO
contacto afectuoso
PETISCO CREMOSO
bico untuoso
CEIP SAN BENITO DE LÉNEZ

# RECEITA DE FILLOAS PARA QUITAR A TRISTURA

* Ingredientes:

- 400 ml de amizade
- 100 ml de dozura
- 200 gr de tenrura
- 1 belisco de apertas
- 1 cullerada sopeira de biquiños
- 3 mecos
- 1 anaca de amor.

Colocamos mucho como a ledicia, a bondade, benquerenza ou soamente enroladas nun pouco de biquiños estarán impresionables!



# RECEITA DE FILLOAS

**Ingredientes:**

- 400 ml de leite enteira
- 100 ml de auga.
- 200 gr. de fariña.
- 1 beliscо de sal.
- 1 culharada sopeira de azúcre.
- 2 ovos.
- 1 anaco de toucińo sen magro.

Calquera recheo como a marmelada, crema, mel ou somente envoltas nun manto de azúcre... estarán impresionantes!









Ía ser o seu aniversario.
O domingo pedíulle a súa nai que lle fixera aquelas galletas tan ricas para invitar aos compañeiros do colexio.
E o luns na hora do almorzo antes de sairen ao recreo sacou a caixa da mochila e dixo:
_ Teño unha sorpresa!
A caixa estaba chea de letras riquísimas.
_ Anda! Unha caixa chea de petiscos de agarimo.
_ De que?






A mestra buscou no diccionario...
Petisco: 1. Anaquiño míudo dunha cousa. 2. Proba ( da comida) 3.Lambetada, larpeirada.
Agarimo: 1.Amparo, protección, socorro. 2. Cariño, mimo, caricia. 3. Refuxio, abeiro, abrigo, acubillo.
...
Despois dun rato, so quedaban as migallas.

# Pi, o anduriño viaxeiro




Pi era un anduriño que vivía debaixo do tellado da escola de Campañó. Vivía coa súa nai Anduriña e cos seus irmáns e irmás. A familia anduriña queríase moito e para amosalo dábanse sempre moitos bicos e abrazos.



**Marrocos**

Despois dunhas semanas facendo prácticas de voo, comezaron a viaxar rumbo ao sur. Viaxaron moooitos quilómetros, e nada máis baixar a terra coñeceron a unhas aguias mariñas moi simpáticas, que os saudaron cunha aperta e tres bicos.



**India**

Pi e outras anduriñas decidiron desviar o rumbo e ir cara Oriente. Voaron durante días ata chegar á India. Que estraños os paxaros indios, aqueles pavóns, que se saudaban xuntando as ás no peito! E canta calor ía alí!



**Xapón**

Da India deron un salto ás illas do Xapón, voando por riba de China. Coñeceron ao pé duns patos mandaríns con plumas de cores na cabeza. Eles tamén xuntaron as ás no peito, pero baixaron a cabeza para saudalos, e despois compartiron con eles grans de arroz para almorzar.



**Polinesia**

Fartos do frío xaponés, Pi e os outros anduriños e anduriñas decidiron buscar a calor viaxando ao sur, cara a Polinesia. Eran unhas illas preciosas, cheas de árbores e de flores! Recibíronnos uns paxaros xigantes, que ao principio daban moito medo, pero que axiña os recibiron fregando os peteiros deles contra os seus. Que simpático costume!



Rusia

A última parada da súa viaxe foi a Rusia, arrastrados por uns ventos polares que os fixeron aterrizar na estepa. Aínda se estaban a levantar do chan cando se achegaron uns lagartos que lles chantaron seis bicos, tres de cada lado do peteiro. Aínda facía algo de frío en Rusia! Pi preguntábase como estaría a súa familia, e se o botarían de menos... Así que decidiron despedirse dos lagartos e voar cara Campañó.

# AS APERTAS



Unha calorosa mañá de verán, unha fermosa bolboreta voaba libre coma o vento mentres cantaba ensimesmada:

*"Encántanme as apertas.*

*Os nenos e as nenas danse apertas.*

*Os ríos e os lagos danse apertas..."*









De súpeto, quedou atrapada nunha tea de araña.

– Que ben, xa teño almorzo! –dixo o señor araña.

– Non, por favor, non me comas. Aínda son moi nova. Só estaba cantando. Se ti queres, podemos ser amigos e ensinareite a canción –dixo a bolboreta.

O señor araña quedou abraiado coa súa beleza e coas súas palabras e pensouno ben.

– Vale, podemos intentalo. E déronse unha gran aperta.



Pasaban os días xuntos cantando e bailando e paseando polo campo cando se atoparon cunha xoaniña, un vagalume, unha formiga e un caracol, que os seguían atentos. Uníronse a eles e aprenderon a canción nun santiamén:

*"O arco da vella e o sol danse apertas.*

*Os peixes e as sereas danse apertas.*

*A lúa e as estrelas danse apertas,*

*e as arañas e as bolboretas tamén..."*

E así foi como as apertas os uniron para sempre.




É ben bonito facer amizade
con nenos e nenas da nosa cidade.
Cando xiro a cabeza e boto unha ollada
vexo sorrir as súas miradas.
Con moito agarimo
dozura e bondade,
ademais de tenrura
ofrezo amizade
Comparto bicos
con moita ledicia.
Reparto apreixos
por toda Galicia.
Se me das agarimo
serás un bo amigo:
Se me das un bico
amosarei un sorriso.
Admiramos a grande beleza
que se agocha na natureza
Moreas de animais ofrecen agarimo
ollando sempre con moito mimo.


Se eu fora bico
Se eu fora un bico.
navegaría pelo mar
buscando persoas sen fogar
e aos nenos con enfermidad
Se eu fora bico..
bicaría a vente sen fogar
viaxaría os países en guerra
e deixaría o pasado atrás
Se eu fora bico
bicaría o meu irmanciño
e o cariño do meu irmán
Se eu fora bico...
iría a países en guerra
para que chegara a paz
para que o mundo enteiro
tivera a libertad
Se eu fora bico.
saría as guerras
Se eu fora bico...
bicaría as persoas enfermas
para poder quitarlas,
bicaría a fantasía
e o mundo con alegría

# Colorea



# INDICE


CEIP San Benito de Lérez..........4 e 5
EEI de Verducido.......................6 e 7
CEIP de Parada-Campañó..........8 e 9
CEP de Campolongo..........10,11 e 12
Pasatempos......................13

## CEIP de Parada-Campaño









## CEP de Campolongo






CONCELLO DE PONTEVEDRA

A Lingua Latexa

**Os colexios públicos participantes neste proxecto agradecemos enormemente a Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra por facer este traballo posible, contando en todo momento co seu apoio e interese, así como ós rapaces de Polo correo do vento por cedernos as imaxes (da portada e contraportada) e pola súa implicación presentando os traballos.**